



MOBILIDADES ERASMUS+ PARA PERSOAL

CURSO 2022/2023

PROXECTO: 2022-1-ES01-KA121-SCH-000058330

CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN

Dentro do programa de mobilidades KA121-SCH-000058330 están previstas 6 mobilidades para persoal docente.

Quen pode solicitar as mobilidades?

Profesorado que imparte docencia en Educación Secundaria e Bacharelato.

Cando se pode realizar?

As mobilidades poderíanse realizar dende que se publique a lista definitiva de seleccionados ata o 31-08-2023.

Ata cando se pode solicitar?

O prazo para solicitar a participación no proceso de selección é dende o día **26/01/2023** ata o **02/02/2023** (ambos inclusive).

Canto poden durar?

A duración debe ser de 5 días, ao que se lle poden sumar 2 de viaxe.

Que se pode facer?

As modalidades son:

- *Curso*: recibir formación nun centro/entidade no estranxeiro, relacionada coa temática do Plan Erasmus do centro (Inclusión, Medioambiente, Novas Tecnoloxías e Metodoloxías Activas) ou de idiomas. (3 prazas).
- *Job shadowing*: coñecer o proceso de ensinanza nun centro educativo homólogo no estranxeiro (3 prazas).

Como se pode solicitar?

Cumplimentar os datos no formulario que atoparás neste [enlace](#):

Documentación a achegar no propio formulario ou a través do correo electrónico: p-internacionais@iesjohancarballeira.com

- Curriculum Vitae en formato [Europass](#)
- Titulacións oficiais do nivel de coñecemento de idiomas.
- Calquera outra documentación xustificativa dos criterios de baremación.

Cal sería o importe aproximado da beca?

A axuda promedio aproximada é de 800 €.



Cales son os criterios de selección?

ANTIGÜIDADE NO CENTRO (máx. 3 puntos)	
Con destino definitivo	3 puntos
Con destino provisional	1,5 puntos

Competencias lingüísticas nun idioma estranxeiro (máx. 2,5 puntos)			
Certificados Oficiais	Nivel	C2	2,5 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	C1	2 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B2	1,5 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B1	1 punto
Outros certificados	Nivel	C2	1,5 puntos
Outros certificados	Nivel	C1	1 punto
Outros certificados	Nivel	B2	0,75 puntos
Outros certificados	Nivel	B1	0,5 puntos

Colaboración en Proxectos de centro (por programa e ano) (máx. 3,5 puntos)	
Por participación en programas oficiais do centro	0,5 puntos
Acompañar o alumnado en mobilidades europeas	0,5 puntos
Cursos ou Xornadas relacionadas coa temática Erasmus+	0,5 puntos
Pertencer ou colaborar co equipo de Programas Internacionais	0,5 puntos



Cales son as obrigas dos participantes?

Antes da mobilidade:

- Responsabilizarse de buscar e contactar coa organización ou centro educativo de acollida.
- Cubrir a documentación correspondente e entregala a través da Aula Virtual do centro.
- Xestionar a viaxe (transporte e aloxamento).

Despois da mobilidade:

- En caso de realizar a mobilidade en vehículo particular: Declaración xurada xustificativa (facilitarase modelo).
- Cubrir a enquisa que a comisión europea enviará aos poucos días de rematar a mobilidade.
- Entregar o Certificado de Asistencia ou Diploma.
- Elaborar e compartir unha presentación que resuma o aprendido na mobilidade.

O non cumprimento dalgunha destas obrigas pode dar lugar á devolución da axuda económica recibida e/ou a non participación en futuras mobilidades.

O Equipo de Programas Internacionais estará á vosa disposición para asesorarvos ao longo de todo o proceso.